

## Directrices de entrega e devolución para a cesión da exposición “Nos somos elas” en interiores

### 1.- Obxecto

Deixar expresas as directrices para a entrega e devolución da exposición “Nos somos elas”.

### 2. Descrición da exposición

Dispónse dunha adaptación da exposición “ Nos somos elas” para interiores que editou a Deputación de A Coruña a través do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, sección de Servizos Sociais coa intención de difundir unha mostra de 25 paneis creada por AC Alexandre Bóveda, que pon o foco nas mulleres, retratadas no seu ámbito privado e laboral polo histórico fotógrafo de Laxe e con voz propia asinando os textos cos que dialogan as imaxes.

**Materiais:** 25 paneis de capatex de 78x72 de 5 mm con canto automontable de 2 mm pregado en todo el perímetro, impresas a cor 1 cara mais canto perimetral, e con presentación traseira para colgar. Os paneis van arquivados en 4 caixas de cartón KRAFT, con asa de transporte fácil.

Exemplo de paneis:



Formato portátil da exposición para interiores:



### 3.-Bases da cesión:

[https://www.dacoruna.gal/files/8716/3601/9728/2021\\_0000007662.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/8716/3601/9728/2021_0000007662.pdf)

#### **4.-Directrices de entrega e devolución**

4.1 Revisión da documentación recibida na sección por orden de chegada. Se está incompleta requirirase a documentación.

4.2 Comprobación na sección do calendario para asignar datas. Se coincide a petición con datas ocupadas, solicitarase por mail no prazo de 2-3 días laborais que trasládense novas datas, mantendo a prioridade na solicitude por ese período.

4.3 Trasladarase a resolución de cesión ou denegación por parte da sección por mail a entidade solicitante e acordarase un día de entrega da mesma.

A entrega farase en horario laboral de 9 a 14.30h segundo o acordado, no Pazo Provincial sito na Avenida do Porto da Coruña s/n 15003 A Coruña.

Darase aviso a seguridade para que desde a sección acompañese por persoal da sección a recollela á planta terceira.

A persoa encargada de vir recoller a exposición firmará a súa entrega.

Lémbrese que a cesión da exposición supón o compromiso por parte das entidades de facerse cargo da xestión e custe do traslado e transporte da mesma. Así como da vixilancia e seguridade. Engadindo a reposición dalgunha lámina no caso de que exista algún desperfecto. A entidade organizadora comprométese a substituíla coas mesmas características técnicas coas que está producida.

4.4 Para a devolución, levarase a cabo o mesmo procedemento que para a entrega.

No caso de necesitar substituír algún panel a entidade porase en contacto coa sección para coñecer as características técnicas da mesma e proceder a súa produción.

No caso de que o desperfecto detéctese por parte da sección, informarase por escrito á entidade e darase un prazo dunha semana para repoñela.